

RUTA DO RÍO LOIO, Paradela, Lugo - PRG-14

Andar ven sendo o exercicio máis natural para todo ser humano, e polo tanto o máis saudable e axeitado para facer todos a diario. Se a iso lle engadimos o feito de atravesar as nosas carballeiras e soutos de castiñeiros, por carreiros, vellas congostas e camiños alfombrados de follas, camiñando xuntos na apreciada compañía dos nosos veciños, amigos e paisanos.

Todo isto foi o que pasou o pasado sábado día 12 de febreiro, cando medio cento de camiñantes de Pasada das Cabras nos xuntamos para facer a ruta lineal PRG-14 RIO LOIO, entre Paradela e o río Miño seguindo o val do río Loio. Unha caminata de 8 quilómetros entre fragas de ribeira, pasando por varias pontes de pedra e madeira, carballeiras e soutos con elementos etnográficos (muíños) e elementos históricos (restos do mosteiro templario de Santa María de Loio). O río Loio encáixase a partir de Paradela formando un profundo val no que hai varias fervezas, as máis altas están no arranque da ruta, nas proximidades da vila de Paradela.

Deixando de lado o río escomenzamos un ascenso suave para pasar pola aldea de Cortes onde nos sauda un can de palleiro cheo de galbana, xa non queda xente nas aldeas, aquí tamen de pode visitar a capela de Portocarneiro e ollar unhas tremendas vistas ao encoro de Belesar, o roteiro homologado remata na carretera C-535, onde o Loio se encontra co río Miño. A maioría dos nosos camiñantes afastámonos uns 2 kms para enganchar co Camiño de Santiago que pasa preto de Cortes e rematar a andaina na vila de Portomarín, fixemos un bo xantar de churrasco no Restaurante Río Loio especializado en anguias, troitas e churrasco, todo de primeira.